



O Centro de Competencias ofrece un programa de formación en comercio electrónico para PEMES

O Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia, en colaboración coa Universidade da Coruña, comenzou o pasado mes de maio o seu programa de formación en Internet e comercio electrónico dirixido ás PEMES galegas. Este programa, que ten un carácter aberto e gratuíto para os empresarios e persoal das PEMES, rematará en setembro do 2003 despois de celebrar conferencias e cursos en cada unha das sete principais cidades da nosa comunidade: Santiago, Vigo, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra.

O Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia, entidade promovida pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia e apoiada polo CESGA e a Universidade da Coruña comenzaron en maio deste ano o programa de formación en comercio electrónico e Internet dirixido ás PEMES galegas. É este un ambicioso proxecto que ten carácter gratuíto para empresarios e persoal das empresas galegas, e que tamén está apoiado por institucións como Caixa Galicia, Caixanova, os Centros Multimedia de Galicia, as Cámaras de Comercio e a Fundación Universidad Empresa Gallega (FEUGA), entre outros.

O OBXECTIVO desta iniciativa responde ás necesidades creadas polo contexto socio-económico no que nos atopamos, que esixe unha actualización constante dos saberes e das estruturas organizativas das empresas no que respecta ó sistema clásico de negocio e ás novas tecnoloxías. Polo tanto, as conferencias e os cursos diríxense ós empresarios e personal das PEMES que queren beneficiarse das vantaxes de negocio que ofrece Internet e o comercio electrónico.

O programa, que leva conferencias e cursos a cada unha das sete principais cidades de Galicia, chegará de xeito aberto e gratuíto a máis de mil empresarios e persoal de PEMES de Galicia ó longo dos próximos meses. Tanto os cursos como as conferencias do Centro de Competencias en Comercio Electrónico teñen un enfoque divulgativo.

As CONFERENCIAS, cunha duración de dúas horas, presentan os aspectos máis representativos do comercio electrónico e as súas estratexias de xestión, aspectos que se amplían nos CURSOS, que teñen unha duración total de doce horas repartidas en tres xornadas e se celebran en horario de tarde para facilitar a asistencia de empresarios e persoal das PEMES. O temario destes cursos de formación inclúe contidos como técnicas de marketing en Internet, ferramentas de seguridade e de pago, a loxística e a distribución ou aspectos xurídicos do comercio electrónico. Entre os contidos tamén hai exemplos prácticos e estudos de caso reais de empresas que levaron á práctica procesos de negocio electrónico.





Na presentación do programa formativo para PEMES, o **Secretario Xeral de I+D, Miguel A. Ríos**, resaltou a tarefa de “concienciación” dos cursos e das conferencias entre empresarios e personal das PEMES galegas e destacou o “valor engadido dos cursos: cun carácter organizado e sistemático. Son cursos moi pensados e planificados”.

Pola súa banda, o **Director Xerente do CESGA, Javier García Tobío**, sinalou que o programa de formación para PEMES chegarán a máis de “1.000 persoas en Galicia ó longo dos próximos meses”. Con estes cursos, os asistentes poderán ter coñecemento para tomar decisións sobre a aplicación do comercio electrónico no seu negocio. “Imos dicirlles como empregar esta ferramenta para mellorar o proceso de negocio da súa empresa”, destacou o director do CESGA, entidade que apoia ó Centro de Competencias en Comercio Electrónico.

O **catedrático da Universidade da Coruña (UDC), José Luis Freire**, explicou a súa participación no programa formativo, ó que a Universidade aporta os contidos e a programación. “Non se trata de aprenderlle á xente a usar ferramentas, senón a como mellorar a xestión do seu negocio coas novas tecnoloxías e de como empregar a Rede e o comercio electrónico para facer negocios”.

O programa de formación do Centro de Competencias en Comercio Electrónico que agora comenza en Santiago de Compostela, continuará nos próximos meses nas cidades de A Coruña, Vigo, Ourense, Pontevedra, Ferrol e Lugo. Os interesados poden obter máis información na revista do Centro de Competencias “e-negociogalicia” ou ben na páxina web, onde tamén poderán inscribirse nos cursos:

www.e-negociogalicia.com

A continuación presentamos o calendario de conferencias e cursos de formación para PEMES correspondente ó período de maio-décembro do presente ano. Nos próximos meses publicarase o programa correspondente ó ano 2003.





Calendario

Período Maio – Decembro 2002

CONFERENCIAS		
Maio – Decembro 2002		
Data	Cidade	Lugar
21-05-2002	Santiago	FEUGA
11-06-2002	Vigo	Caixanova
02-07-2002	A Coruña	Caixagalicia
10-09-2002	Lugo	Caixagalicia
08-10-2002	Ferrol	Cámara Comercio
05-11-2002	Ourense	Caixagalicia
11-11-2002	Santiago	Cámara de Comercio
03-12-2002	Pontevedra	Caixa Galicia
CURSOS		
Maio – Decembro 2002		
Data	Cidade	Lugar
3 ó 5-06-2002	Santiago	CESGA
25 ó 27-06-2002	Vigo	CACTI
16 ó 18-07-2002	A Coruña	Caixa Galicia
17 ó 19-09-2002	Santiago	Cámara de Comercio
24 ó 26-09-2002	Lugo	Cámara Comercio
15 ó 17-10-2002	Vigo	CACTI
22 ó 24-10-2002	Ferrol	Cámara Comercio
12 ó 14-11-2002	A Coruña	Caixa Galicia
19 ó 21-11-2002	Ourense	Centro Multimedia Galicia
26 ó 28-11-2002	Santiago	Cámara de Comercio
9 ó 11-12-2002	Lugo	Cámara de Comercio
16 ó 18-12-2002	Vigo	CACTI
18 ó 20-12-2002	Pontevedra	Caixa Galicia

Centro de Competencias en Comercio Electrónico

Centro de Supercomputación de Galicia

Avda. de Vigo, s/n (Campus Sur)

15706 Santiago de Compostela

Tel.: 981 569 810

Fax: 981 594 616

URL: www.e-negociogalicia.com

E-mail: info@e-negociogalicia.com

